

Tenro e delicado

Cun meigo da palabra

MARÍA NAVARRO

A existencia de valados físicos e imaxinarios é hoxe en día unha realidade espallada por cáseque todo o mundo e somos nós, as persoas, os que os construímos con táboas, formigón armado ou prexuízos do máis diverso. Nun momento dado non se sabe -ou si- por que alguén decide erguer unha fronteira e impedir o trafego de vida, preservando ideas, modos de vida, mesturas.

Da mesma forma que imaxinar un mundo sen ataduras, sen lindes, sen barreiras é posible se falamos en termos de ficción, tamén tender á utopía pode converterse nun plantexamento vital e nun xeito de educar a través de nobres comportamentos. Neste sentido ficción e realidade, ilusión e existencia converxen nun punto no que o imposible chega a realizarse, o improbable se efectúa e o desexo devén en auténtico e efectivo.

En *Valados*, un texto tenro e delicado de Agustín Fernández Paz que Edicións Xerais de Galicia vén de publicar na colección "Merlín",

os personaxes amósanos a parte máis amable da relación entre iguais e tamén como a maioría das situacións teñen unha compoñente de vontade moi importante. Se existe vontade chegaremos a

acadar aquilo que nos propoñamos, se hai vontade a utopía é posible.

Da man de Helena e Xael sabemos da existencia dunha vila, a máis fermosa do mundo, na que os seus habi-

tantes en aparencia viven en harmonía, mais só en aparencia, porque o xerme da discordia prende nunha parte da poboación que, considerándose superior, pretende marcar e visualizar a diferenza erguendo un muro que separe vidas. Quizais a constancia e o empeño que nenos como os protagonistas da historia poñen en negar a segregación, conseguen que alá no ceo, "guiados por unha brisa alegre, porque o aire non sabe de valados", voen os desexos felices de atopárense todos xuntos. A dualidade que vertebra o texto -nena/neno, branco/cor, dentro/fóra- vai-se diluíndo ata o final cando se fala de humanidade e harmonía.

Bo coñecedor do público infantil e da capacidade que estes presentan de aprehender a realidade, o escritor agasalla aos seus lectores cunha fermosa historia de sentimentos encontrados e amosa unha vez máis ser un meigo da palabra.

FERNÁNDEZ PAZ, A., *Valados* (Ilustr. X. López Domínguez), Ed. Xerais, Vigo, 2009, PVP 12,85 €

